



BOLETÍN AURORA

✦ XULLO - AGOSTO DE 2026

VERÁN DE 2026: O 90 ANIVERSARIO DA REVOLUCIÓN SOCIAL DE 1936

No verán de 1936, a *Confederación Regional Galaica* (CRG) da CNT contaba con máis de 35.000 afiliados e afiliadas. A influencia confederal e libertaria era moi destacada na Coruña, con todo un universo de ateneos, bibliotecas, centros sociais, iniciativas educativas, culturais, clubs deportivos... espallados pola cidade.

Tras o triunfo da sublevación fascista, a represión cebouse contra a militancia libertaria. A enerxía e estruturas que noutro caso terían sido dedicadas á Revolución Social, na Coruña e no resto da Galiza, debéronse por ao servizo da supervivencia e maila resistencia.

Un exemplo foi a rede de casas-refuxio establecida para acoller á militancia perseguida, creadas e sustentadas en barrios obreiros por mulleres anarquistas como María Otero, Alicia Dorado ou Sebastiana Vitales...

Un brutal asalto de falanxistas e Guardia Civil, destruíu a rede de Atochas-Monte Alto o 10 de xullo de 1937, acabando coa vida de moitas destas mulleres libertarias.

Como cada ano, polo serán dese mesmo día, acompañamos ás compañeiras de **Refuxios da Memoria** nun roteiro dende a vella cárcere provincial da Torre ata a praza da Corales polo **Día das Mapoulas Libertarias**.



Contacta, comparte e difunde:

Enderezo:

Casa Sindical da CGT da Coruña
Entrepeñas, nº6, baixo
15010 A Coruña

Páxina web:

memorialibertarianagaliza.org/

Correo electrónico:

ateneoaurora@gmail.com

Facebook:

[/ateneo.aurora](https://www.facebook.com/ateneo.aurora)

X (twitter):

[@AteneoAurora](https://twitter.com/AteneoAurora)

Instagram:

[@ateneoaurora](https://www.instagram.com/ateneoaurora)



ACTIVIDADES - Xullo e Agosto de 2026

18 de Xullo de 2026

Roteiro da memoria da ACAB e a CRMH da Coruña

Asistimos ao roteiro da memoria, por mar e terra, que organizou a CRMH da Coruña e a Asociación Cultural Alexandre Bóveda, con motivo do 90 aniversario da resistencia na Coruña ao golpe de estado fascista en 1936.



Xullo de 2026



Visita do bisneto de José Sanjurjo, histórico libertario coruñés

Recibimos na Biblioteca e Arquivo obreiro Aurora a visita de Richard Morgan Sanjurjo, bisneto de José Sanjurjo Rodríguez, histórico militante das primeiras Sociedades Obreiras coruñesas de principios do s.XX e que foi o primeiro presidente do *Centro de Estudos Sociales Germinal*.


Xullo e Agosto de 2026

Presentación do libro “Polas vítimas de onte, Xustiza!” na FLAC da Coruña e en Gasteiz

O libro “Polas vítimas de onte, Xustiza!. Folga xeral, represión e estado de guerra na Coruña en 1901”, publicado pola editorial Bastiana, foi presentado polos seus autores en xullo, no marco do Feira do Libro Anarquista da Coruña (FLAC), e mais no encontro do anarquismo social organizado que tivo lugar en agosto en Gasteiz.




BIBLIOTECA E ARQUIVO OBREIRO “AURORA” - novidades



“Gustave Courbet. Una pintura de clase” de Martín Paradelo

Un breve ensaio publicado por Piedra.Papel.Libro sobre a singularidade e a radicalidade da proposta estética deste artista revolucionario, o pintor realista francés, Gustave Courbet, vencellado ás correntes do pensamento socialista libertario



“A la mierda la autoestima, dadme lucha de clases”, de J.P. Kindler

Ensaio do artista satírico alemán J.P. Kindler no que propón situar o benestar xeral e o ben común no eixo do descurso para repolitizar escenarios como a pobreza, a felicidade, a crise climática ou a democracia, retomando o utópico como ferramenta ideolóxica. Publicado por Bauplan Books




“Mulleres Libertarias na Galiza. 1891-1976”, de Dionisio Pereira e Eliseo Fernández

Con introducción de Carmen Blanco, este documentado ensaio é obra dos historiadores Dionisio Pereira e Eliseo Fernández, e recupera a memoria histórica e o protagonismo das mulleres vencelladas ao anarquismo e ao movemento libertario na Galiza do século XX, desde os inicios do movemento obreiro ata o final do franquismo, achegando nomes e testemuñas destas militantes. Publicado pola editorial Imperdible



“Apuntes contra el gueto político”, de Impulso

A partir da reedición do manifesto “Ad Nauseam” publicado en Granada en 2004, este libro establece un diálogo actual co texto orixinal, analizando as dinámicas dos espazos militantes, o que ten mudado e o que non tanto. Publicado pola Biblioteca Social Hermanos Quero de Granada



“As bocas cosidas”, de Marilar Aleixandre

Coa prosa chea de lirismo de Marilar Aleixandre, as lectoras mergullámonos nos silencios, familiares e sociais, para descubrir unha historia sepultada por décadas: memorias silenciadas de resistencia, penurias, fame e represión a traves da vida de Antonio G.

VINDEIRAS ACTIVIDADES: SETEMBRO DE 2026

11 de setembro de 2026

Nova sesión do Cineforum Aurora: “Cancións para despois dunha guerra”



24 de setembro de 2026

Nova sesión do Club de Lectura Aurora: “Circe ou o pracer do azul” de Begoña Caamaño

Club de lectura AURORA

Libros na veciñanza

Lectura mensual dunha obra, con tertulia no último xoves do mes, ás 19:30 horas

Circe ou o pracer do azul.
Begoña Caamaño

Setembro
24

A relación epistolar entre Circe e Penélope abre ao lector unha ollada en clave feminina e feminista dalgun dos mitos fulcrais da cultura occidental.



Ateneo Aurora. Rúa Entrepeñas, 6. A Coruña
Máis info e inscrición: ateneoaurora@gmail.com

25 de setembro de 2026

Palestra “Mulleres na Revolución Social”

Palestra a cargo de Yanira Hermida Martín, doutora en Historia Contemporánea e investigadora, para conmemorar o 90 aniversario da Revolución Social de 1936.



Palestra



Mulleres na
Revolución Social



Yanira Hermida Martín
Doutora en Historia Contemporánea e investigadora

25 DE SETEMBRO DE 2026 19:30 H.



CASA SINDICAL DA CGT
DA CORUÑA ENTREPEÑAS, 6



Vindeira Asambleira

Venres, **11 de setembro de 2026**, ás **17:30 horas**, na **Casa Sindical da CGT da Coruña**, terá lugar unha nova **Asambleira**.

Participa en AURORA
faite socio/a:

Formulario na web:
memorialibertarianagaliza.org

